



RESOLUCIÓN da Xefatura Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se publica a lista definitiva das embarcacións seleccionadas na convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de ORELLA DE MAR no permiso de explotación ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico peneira, modalidade mergullo en apnea ou con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira

Antecedentes

1. A Orde do 22 de decembro de 2021 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024. (DOG Núm. 251, de 31.12.2021).

De conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para o recurso específico Peneira (PE410A 2021/14-1), modalidade mergullo en apnea ou con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira establécese un número máximo de participantes de 4 embarcacións e 12 mergulladores con dereito a cota.

Trala finalización do último proceso de renovación de 2021 desta modalidade nas confrarías titulares do plan de xestión para o trienio 2022-2024, o número de embarcacións con peneira no permiso de explotación autorizadas para participar no plan é na actualidade de 1 embarcación e 3 habilitacións pertencente á confraría de Fisterra.

2. O 08.06.2022, a confraría de pescadores de Fisterra, entidade representante do plan, solicitou a esta xefatura territorial (Entrada Núm. 2022/1513228), acompañando escrito da confraría de pescadores de Corcubión, o inicio da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade no permiso de explotación para 3 embarcacións e 9 cotas para mergullador, de acordo co plan de xestión aprobado.

3. O 27.09.2022 esta xefatura territorial comunicou a proposta á confraría de pescadores de Fisterra, como entidade representante do plan de xestión conxunto, para proceder á convocatoria dun proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de peneira a 3 embarcacións con 3 cotas a cada unha. Nesta comunicación outorgábaselles un prazo de tres (3) días hábiles para que presentasen as observacións que considerasen oportunas e que de non recibir resposta no prazo sinalado entenderíase como positiva a proposta realizada por esta xefatura territorial. Transcorrido o dito prazo non se recibiu resposta por parte da entidade.





4. O 14.10.2022 esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de orella de mar a 3 embarcacións con 9 cotas para mergulladores, cun máximo de 3 cotas e un mínimo de 2 cotas por embarcación, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión conxunto de peneira das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira e estableceu un prazo de 15 días hábiles para a presentación das solicitudes.

5. O 11.11.2022, esta xefatura territorial ditou a resolución pola que se publicou a lista provisional de puntuacións das embarcacións admitidas para o outorgamento da modalidade de orella de mar ao abeiro do plan de xestión conxunto das entidades, e as embarcacións excluídas do proceso. Nesta resolución outorgouse un prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación, para que as persoas interesadas presentasen as alegacións que considerasen oportunas.

5. Transcorrido o prazo anterior as seguintes persoas armadoras aspirantes presentaron alegacións ás puntuacións provisionais outorgadas:

- O 16.11.2022 (Entrada número 2022/2820457) Jesús Domínguez Caamaño ***5710**, armador da embarcación "**AYENKA CO-4 1368**" expón que xunto coa solicitude para acceder a convocatoria achegou o título de Patrón Local de Pesca como mérito a ter en conta no apartado de formación da persoa armadora da embarcación (B5) e que este título non se tivo en conta no baremo publicado, aínda téndose presentado. Tamén afirma que o título mencionado estaba caducado, máis dispón do título en vigor, pero por erro entregou o título equivocado e o achega xunto coa alegación, polo que solicita a revisión da puntuación asignada e que se teña en conta a titulación de Patrón Local de Pesca.
- O 22.11.2022 (Entrada número 2022/2879651) Manuel Ínsua Canosa ***6809** en representación de Vázquez Tomé SL B15812431 sociedade armadora da embarcación "**OUTEIRO CO-5 2-98**" expón que debido a un erro achegou xunto coa solicitude un arquivo incorrecto correspondente as titulacións académicas e cursos de formación do armador e coas alegacións achega o arquivo correcto con todos os títulos e cursos de formación da persoa armadora, mérito co que xa se contaba no momento da publicación da convocatoria para que se teña en conta no cálculo da puntuación definitiva.
- O 25.11.2022 (Entrada número 2022/2906674), a confraría de pescadores de Lira en representación de Tito Rebollido Fernández ***5407**, armador da embarcación "**BAJERIÑAS DE NYLON CO-4 4-05**" alegou ás puntuacións obtidas nos apartados habitualidade da actividade pesqueira (B.2) e antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das/s entidade/s titulares do plan de xestión (B3) para o que achega un documento coas vendas dos anos 2021 e 2022 e a folla de asento da embarcación.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.



2. O proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de orella de mar realízase para tres (3) embarcacións con nove (9) cotas para mergulladores, cun máximo de 3 cotas e un mínimo de 2 cotas por embarcación, de conformidade co expediente de aprobación do plan de xestión conxunto para o recurso específico orella de mar.

A presentación e admisión de sete (7) solicitudes de embarcacións das confrarías integrantes do plan de xestión conxunto, fixo necesario establecer unha orde de prelación e por tanto proceder á valoración das solicitudes para puntuar as ditas embarcacións para a súa selección e outorgamento da modalidade.

3. As solicitudes admitidas valoráronse de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específico no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

4. O punto 2.2 das bases da convocatoria ditada mediante resolución do 14.10.2022 desta xefatura territorial pola que se convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade establece:

" Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e analizadas estas, a xefatura territorial ditará a resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras, así como das non seleccionadas. A relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras realizarase con base no número de tripulantes con certificación profesional con pretensión de enrolar indicado na solicitude pola persoa armadora. Dita resolución será exposta nos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no punto 2.1.

As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de se-lo caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

..."

5. Unha vez revisadas as alegacións e a documentación aportada, acórdase:

- Desestimar as alegacións presentadas por Jesús Domínguez Caamaño ***5710**, armador da embarcación **"AYENKA CO-4 1368"**:

- o Comprobada a documentación achegada xunto coa solicitude polo interesado o 26.10.2022, (Entrada número 2022/2624072), no prazo outorgado pola convocatoria, obsérvase que no arquivo denominado "TITULACION ACADEMICA E FORMACION.pdf" que contén a documentación acreditativa referente a este apartado do baremo, non figura o título de Patrón Local de Pesca. O dito título tampouco figura en ningún dos outros 6 arquivos remitidos o 26.10.2022, polo tanto, a documentación acreditativa da titulación aportada coas alegacións constitúen nova documentación que non se acompañou no prazo establecido pola convocatoria, e ao tratarse dun proceso selectivo de concorrencia competitiva, non se pode incluír nova documentación unha vez transcorrido o prazo para a súa presentación.

- Desestimar as alegacións presentadas por Manuel Ínsua Canosa ***6809** en representación de Vázquez Tomé SL B15812431 sociedade armadora da embarcación **"OUTEIRO CO-5 2-98"**, manténdose a puntuación de 1,00 punto no apartado "Formación da persoa armadora B.5" ao valorarse a documentación acreditativa da formación e titulacións académicas achegadas xunto coa solicitude de participación tal e como recolle o apartado 1.3.2.c.5.ii das bases da



convocatoria, polo que a documentación acreditativa aportada coas alegacións constitúen nova documentación que non pode ser tida en conta.

- Estimar parcialmente as alegacións presentadas por Tito Rebolledo Fernández ***5407**, armador da embarcación "**BAJERIÑAS DE NYLON CO-4 4-05**". De xeito que se desestiman as referidas a antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das/s entidade/s titulares do plan de xestión (B3). A Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, no apartado B.3 do Anexo I establece que:

"3. Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das/s entidade/s titulares do plan de xestión.

Cando a embarcación teña un porto base incluído no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión durante un período de 2 anos anteriores, inmediatamente anteriores, á data da convocatoria, e sempre que durante todo este tempo as persoas solicitantes fosen armadoras da embarcación: 3 puntos

..."

Tito Rebolledo Fernández ***5407** non foi armador da embarcación durante os dous anos inmediatamente anteriores á data da convocatoria, xa que a transmisión do permiso de explotación produciuse o 19.10.2021.

En relación ao apartado "Habitualidade da actividade pesqueira" (B2), e logo da revisión da documentación achegada coas alegacións pola persoa solicitante, o Servizo de Análise e de Rexistros da Consellería do Mar detectou un erro na identificación das vendas transmitidas pola lonxa de venda da embarcación "**BAJERIÑAS DE NYLON CO-4 4-05**", polo que se procedeu á corrección das notas de venda e polo tanto a rebaremar este apartado. Así procede modificar a puntuación outorgada no apartado B2 (habitualidade da actividade pesqueira) de 0,00 puntos, pasando a 2,00 puntos e polo tanto procede a modificación da puntuación total dos 0,00 puntos a 2,00 puntos.

6. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Facer pública a lista definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras, así como das non seleccionadas, ordenada polas puntuacións obtidas, no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de orella de mar en embarcacións ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico peneira, mergullo en apnea ou con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira (anexo I).

2. Outorgar a posibilidade para optar á modalidade do recurso específico orella de mar cun máximo de 3 cotas e un mínimo de 2 cotas por embarcación para mergulladores/embarcación no permiso de explotación ás embarcacións que se indican a continuación, de acordo ao plan de xestión conxunto aprobado:



CONFRARÍA	EMBARCACIÓN	MATRÍCULA E FOLIO	TITULAR DO PERMISO DE EXPLOTACIÓN
Corcubión	JAVI	CO-5 2029	RIA DE FINISTERRE SLL
Fisterra	BRINCA	VILL-3 9439	JACOBO LOUZAN SUAREZ Y OTROS, SC
Fisterra	TINA	CO-5 1867	TINA CB

3. A obtención da modalidade e adxudicación final do número de cotas á embarcación, dependerá das persoas que teña enroladas á vista do rol de despachos da embarcación coa dotación da tripulación enrolada nela e das certificacións profesionais. Dita solicitude terá en conta o número máximo de tripulantes que a embarcación pode enrolar (Certificado de conformidade).

Ademais, de acordo con disposto na *Resolución do 18 de maio de 2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se modifica a Resolución de 4 de maio de 2016* pola que se aproba o baremo, o outorgamento da modalidade de recursos específicos realizarase entre persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión.

Para a comprobación do indicado nos parágrafos anteriores, as persoas armadoras das embarcacións seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da presente resolución para presentar a seguinte documentación:

- Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.
- Certificación da confraría de pescadores, titular do plan de xestión, respecto da pertenza da persoa armadora como asociada á entidade para a que se outorga a modalidade de acordo co reparto de participación asignado a cada confraría no plan de xestión. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a súa consulta.

De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro e a Orde do 30 de decembro de 2015, as embarcacións seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención da modalidade no permiso de explotación e das cotas asignadas:

- Ter menos de cinco artes ou modalidades no permiso de explotación da embarcación. No caso de ter cinco, deberá xustificarse a renuncia a unha delas.
- Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.
- O/A armador/a da embarcación non poderá ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos, debendo renunciar a este no momento da obtención da modalidade.



Ás embarcacións seleccionadas que cumpran os requisitos expediráselle o novo permiso de explotación onde quedará reflectida a modalidade e o número de cotas asignadas.

Se unha mesma persoa tripulante, coa certificación da titulación correspondente, figura enrolada en diferentes embarcacións seleccionadas no prazo de presentación de documentación, a asignación da cota de captura realizarase tan só á embarcación na que a persoa tripulante conste coa data máis recente no despacho vixente.

Lémbrese que, en todo caso para o exercicio da actividade, cumprírase coas normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos (Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo).

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional.

Por tanto, as solicitudes e a documentación indicada, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado PXOO6A (achega de documentación adicional) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico (DNle) ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Se dentro do prazo fixado algunha persoa armadora seleccionada non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 1.2 da convocatoria, entenderase que desiste da súa solicitude. Neste caso, emitirase unha nova resolución modificando esta, declarando seleccionada a embarcación e persoa armadora que figure na lista de embarcacións non seleccionadas da confraría correspondente por orde de puntuación, polo desestimento da persoa armadora que non presentou a documentación ou carece dos requisitos.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Xefatura Comarcal de Ribeira e nos taboleiros de anuncios das entidades titulares do plan de xestión.

Contra esta resolución, que non pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Fisterra, como entidade representante, e ás confrarías de pescadores de Corcubión e Lira como restantes entidades titulares do plan de xestión, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro

A xefa territorial
María José Cancelo Baquero
(sinatura electrónica)

Xefatura Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
xefaturaterritorial.mar.coruna@xunta.gal



ANEXO I

Lista definitiva de puntuacións das embarcacións admitidas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de orella de mar para 3 embarcacións con 9 habilitacións, cun máximo de 3 e un mínimo de 2 habilitacións por embarcación, ao abeiro do plan de xestión conxunto para o recurso específico peneira, modalidade de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das confrarías de pescadores de Fisterra, Corcubión e Lira

Embarcacións seleccionadas									
Confraría	Embarcación	Matricula e folio	Experiencia profesional da persoa armadora B.1	Habitualidade da actividade pesqueira B.2	Antigüidade da embarcación B.3	Nº artes B.4	Formación da persoa armadora B.5	Ter mulleres enroladas B.6	Total
Corcubión	JAVI	CO-5 2029	0,00	3,00	3,00	0,50	3,00	0,00	9,50
Fisterra	BRINCA ⁽¹⁾	VILL-3 9439	0,00	2,50	3,00	0,00	2,05	0,00	7,55
Fisterra	TINA	CO-5 1867	0,00	2,50	3,00	0,50	1,00	0,00	7,00

(¹) A embarcación posúe 5 artes no permiso de explotación, polo que previamente ao outorgamento da modalidade de orella de mar, ademais de cumprir os restantes requisitos esixidos para o outorgamento, a persoa armadora deberá xustificar a renuncia a unha delas.

Embarcacións non seleccionadas									
Confraría	Embarcación	Matricula e folio	Experiencia profesional da persoa armadora B.1	Habitualidade da actividade pesqueira B.2	Antigüidade da embarcación B.3	Nº artes B.4	Formación da persoa armadora B.5	Ter mulleres enroladas B.6	Total
Corcubión	AYENKA	CO-4 1368	0,00	3,00	3,00	0,00	0,87	0,00	6,87
Fisterra	OUTEIRO	CO-5 2-98	0,00	2,50	3,00	0,00	1,00	0,00	6,50
Corcubión	SEGUNDO BRISA	CO-5 1-11	0,00	2,50	3,00	0,00	0,00	0,00	5,50
Lira	BAJERIÑAS DE NYLON	CO-4 4-05	0,00	2,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00



Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado B do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro).

- **TOTAL puntos:** puntos acadados en total.
- **B.1: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.
 - **Ter sido titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos** nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: **1,5 puntos por ano completo.**
Non se terá en conta este aspecto cando a perda do permiso de explotación fose como consecuencia de sanción en materia de protección dos recursos mariños ou incumprimento das prescricións ou requisitos establecidos no plan de xestión.
 - **Ter estado enrolado/a como mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade** do recurso específico de que se trate no seu permiso de explotación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: **0,13 puntos/mes completo** sempre que a embarcación rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade.
Non se computará o período de tempo en que a persoa armadora estivese en situación de incapacidade temporal
- **B.2: Habitualidade da actividade pesqueira. A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.**
 - **Vendas na lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación.**
Cando nos dous anos anteriores á data da convocatoria, o volume de vendas da embarcación teña un importe superior ao salario mínimo interprofesional para cada tripulante: **2 puntos**
Para os efectos de computar as vendas descontaranse só os períodos de tempo en que a embarcación estivo inactiva por causa de forza maior, e cando a/as persoa/s solicitante/s non fosen armadora/s da embarcación (segundo o permiso de explotación). Para o cálculo do salario mínimo interprofesional terase en conta a información relativa ás vendas en lonxa ou centro de venda autorizado que conste en poder da consellería, así como o rol de despachos e dotación.
 - **Período de actividade da embarcación (rexistro da actividade pesqueira)**
Cando nos dous anos anteriores á convocatoria a embarcación rexistrase actividade pesqueira e teña asociadas vendas en lonxa ou centro de venda autorizado:
 - a) Por un período superior a 18 meses: 1 punto.
 - b) Por un período comprendido entre 6 e 18 meses: 0,5 puntos.
 - c) Por un período inferior a 6 meses: 0 puntos.
 Non se terá en conta o período de tempo en que a/as persoa/s solicitante/s non fosen armadora/s da embarcación (segundo o permiso de explotación).
- **B.3: Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das/ entidade/s titulares do plan de xestión.**
Cando a embarcación teña un porto base incluído no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión durante un período de 2 anos anteriores, inmediatamente anteriores, á data da convocatoria, e sempre que durante todo este tempo as persoas solicitantes fosen armadoras da embarcación: **3 puntos.**

- **B.4: Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación da embarcación na data da convocatoria:**
 - 1 arte/modalidade: 3 puntos.
 - 2 artes/modalidades: 2 puntos.
 - 3 artes/modalidades: 1 punto.
 - 4 artes/modalidades: 0,5 puntos
- **B.5: Formación da persoa armadora da embarcación. A puntuación máxima total que poderá obter nesta epígrafe é de 3 puntos.**
 - **Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas).**
Valoraranse as actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ás modalidades de recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas aprobado por Resolución do 05.11.2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro na data da convocatoria.
Non se computarán as seguintes titulacións ou certificados profesionais: mariñeiro pescador, formación básica, certificado de mariscador/a, certificado de percebeiro/a e certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.
Cando unha actividade formativa teña varios niveis, só computará aquela que permita acadar a maior puntuación.
 - **Titulación académica.**
 - Graduado/a en ESO ou equivalente: 0,15 puntos.
 - Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos.
 - Diplomatura universitaria ou equivalente: 0,35 puntos.
 - Licenciatura universitaria ou equivalente: 0,5 puntos.
 Só se valorará a titulación académica superior. Para os efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as establecidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
Ademais, engadirase 1 punto máis á valoración obtida na titulación académica cando a persoa solicitante posúa algunha titulación profesional regulada de acuicultura ou náutico-pesqueira, así como a formación non regulada, de patrón de pesca local, patrón costeiro polivalente e capitán de pesca.
- **B.6: Ter persoas enroladas do xénero feminino. A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 2 puntos.** Por ter enroladas persoas de xénero feminino na embarcación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,1 puntos/mes completo, sempre que a embarcación rexistrase actividade pesqueira e vendas.
Non se computará o período de tempo en que a persoa estivese en situación de incapacidade temporal.

